



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Ilícitos Penais, Administrativos e Laborais		Código	612943306
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación	Puente Aba, Luz Maria		Correo electrónico	l.puente@udc.es
Profesorado	Puente Aba, Luz Maria		Correo electrónico	l.puente@udc.es
Web	www.dereito.udc.es/gl/maxe			
Descrición xeral				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non hai modificación de contidos, se ben os materiais serán facilitados unicamente a través de Moodle ou Teams.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <ul style="list-style-type: none">*Metodoloxías docentes que se manteñen*Metodoloxías docentes que se modifican <p>No caso de que as sesións non poidan ser presenciais, serán substituídas por unha combinación das seguintes metodoloxías: videoconferencias síncronas e/ou vídeos asíncronos, presentacións de power point, e comunicación a través de chat / videoconferencia para completar e resolver as dúbidas propias dos contidos da materia. Con anterioridade o/a docente de cada sesión indicará cal será a concreta configuración da súa sesión docente.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>A coordinadora da materia, e os/as docentes que interveñen nesta materia, estarán dispoñibles para o alumnado por correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A avaliación consiste nun traballo, que se presentará oralmente no día da proba final xunto con un resumo ou esquema. No caso de eliminarse a presencialidade, enviarase o traballo escrito por correo electrónico á coordinadora da materia, e farase unha conexión por videoconferencia con cada grupo para a súa exposición oral. Como non habería asistencia a sesións presenciais, teríase en conta a realización das posibles conexións por videoconferencia, chat ou actividades que indicara o/a docente responsable de cada sesión.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non hai.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título



Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
A materia de Ilícitos empresariais pretende constituir unha visión das distintas categorías de ilícitos que se poden verificar no marco da empresa. Analízanse fundamentalmente as infraccións penais, e tamén os ilícitos de carácter administrativo e laboral. Como elemento de peche, examínase a responsabilidade civil do empresario derivada da comisión de feitos ilícitos. Deste xeito, preténdese ofrecer unha visión da responsabilidade da empresa e o empresario, aínda que focalizada na comisión de actos ilícitos nos ámbitos da ordenación do territorio e o urbanismo, o medio ambiente e o sector inmobiliario, examinando, por un lado, as cuestións máis problemáticas en relación coa existencia desta responsabilidade e, por outro lado, aqueles ilícitos de especial relevancia en cada momento, sexa pola súa frecuente verificación, sexa por verse afectados por reformas lexislativas: sirvan como exemplo as modificacións que nos últimos tempos veu experimentando o Dereito do traballo, o procedemento administrativo sancionador, e determinadas cuestións de Dereito penal da empresa como por exemplo a introdución da responsabilidade penal das persoas xurídicas.	AP1 AP2 AP5	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BP8 BP9 BP12 BP13 BP14	CP4 CP6 CP7

Contidos

Temas	Subtemas
1. Dereito administrativo sancionador. Especial referencia aos ámbitos urbanístico e ambiental.	1.1. Parte xeral: examen da potestade sancionadora das Administracións públicas. 1.2. Parte especial: legalidade urbanística e Dereito sancionador na lexislación do solo de Galicia (LSG).
2. Cuestións xurídico-laborais relevantes en materia de medio ambiente, urbanismo e vivenda.	1.3. Singularidades da potestade sancionadora ambiental. 2.1. As contratas e subcontratas de obras e servizos no sector vivenda. 2.2. A Lei de subcontratación na construción.
3. Dereito penal da empresa. Especial referencia á tutela penal do medio ambiente e a ordenación do territorio e o urbanismo.	2.3. Especial referencia aos protocolos de prevención de riscos laborais en materia de construción e medio ambiente.
4. A responsabilidade civil do empresario. Especial referencia aos ámbitos medioambiental e urbanístico.	3.1. A responsabilidade penal das persoas xurídicas: a súa aplicación no ámbito dos delitos urbanísticos e contra o medio ambiente. 3.2. A protección do medio ambiente a través do Dereito penal: panorámica xeral. 3.3. Principios básicos dos delitos contra a ordenación do territorio e o urbanismo. 4.1. Natureza e elementos da responsabilidade civil do empresario derivada de feitos ilícitos. Especial referencia aos ámbitos medioambiental e urbanístico. 4.2. Análise específica da responsabilidade do produtor agrícola e da responsabilidade en materia de transxénicos.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B4	16	0	16
Estudo de casos	B5 B7 B8 B12	4	0	4
Proba práctica	A5 B1 B2 B3 B6 B9 B13 B14 C4 C6 C7	6	120	126



Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As sesións presenciais constarán, en combinación co estudo de casos, dunha exposición por parte do profesorado en formato tipo sesión maxistral.
Estudo de casos	As sesións presenciais no serán unicamente unha clase maxistral, senón que se exporán e analizarán casos para o seu debate co alumnado.
Proba práctica	A actividade final de módulo consistirá nunha proba práctica que terá que ser exposta oralmente na última sesión do Módulo, entregando simultaneamente un esquema ou resumo da exposición. O enunciado de tal actividade xunto coas preguntas guía e instrucións serán facilitados o primeiro día do Módulo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba práctica	Para as posibles dúbidas na elaboración da Actividade final de módulo, establecerase a posibilidade de consultas e atención personalizada coa coordinadora do Módulo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 B4	Para a avaliación final compútase nun 20% a asistencia ás sesións do Módulo. No caso de non haber docencia, a proba final computará o 100% da avaliación.	20
Proba práctica	A5 B1 B2 B3 B6 B9 B13 B14 C4 C6 C7	A proba práctica consistirá na exposición oral da resolución dun/s caso/s que se facilitarán o primeiro día do Módulo. Teranse que resolver e argumentar xurídicamente as cuestións específicas que se formulan en relación con o/s caso/s práctico/s, con base en previa búsqueda xurisprudencial e na selección de bibliografía recomendada. O día da exposición entregarase un breve esquema ou resumo do traballo realizado.	80

Observacións avaliación
Os criterios sinalados son válidos para a primeira e a segunda oportunidade de avaliación. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de Suspenso na materia na oportunidade correspondente.

Fontes de información	
Bibliografía básica	AAVV, Memento experto sobre responsabilidade penal y procesal de las personas jurídicas, Francis Lefebvre, Madrid 2015. MARTÍNEZ-BUJÁN PÉREZ, C., Derecho penal económico y de la empresa. Parte especial, Tirant lo Blanch, Valencia 2019. NIETO, A., Derecho administrativo sancionador, Tecnos, Madrid 2012.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías